



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Participación Cidadá

*Bases para a concesión de subvencións ás asociacións veciñais de Santiago de Compostela para o exercicio 2012*

#### **BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2012**

##### **1.-FINALIDADE E OBXECTO.**

A Concellaría de Participación Cidadá entende que o papel vertebrador e dinamizador sociocultural que teñen as asociacións veciñais é fundamental para o progreso da cidadanía compostelá. As asociacións veciñais realizan un importante papel vertebrador da sociedade habilitando programas e espazos, xa propios ou pertencentes á rede municipal de centros socioculturais, ao servizo dos veciños e veciñas do concello.

As asociacións veciñais do Concello de Santiago de Compostela son quen de realizar programas propios que melloren a calidade de vida dos veciños do seu ámbito de actuación, ademais de participar activamente en programas e actividades municipais.

O goberno municipal consciente do papel protagonista destas entidades e no momento actual de crise, trala tendencia descendente nos últimos anos dos apoios ás entidades veciñais, incrementa nun 30% e ata 72.000,00 € a partida de subvencións para apoiar a realización dos distintos programas de actividades que potencien o interese xeral ao servizo da mellora e fomento da cultura, das relacións veciñais e da participación efectiva dos cidadáns.

**Obxecto.**—As presentes bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para actividades ás asociacións de veciños do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2012.

**Finalidade.**—Apoiar a realización de programas de actividades promovidos polas asociacións de veciños de Santiago de Compostela cuxos destinatarios sexan os veciños dos distintos barrios e parroquias do concello. As actividades responderán á seguinte tipoloxía:

##### **Actividades socioculturais:**

**1.—Programas de actividades socioculturais** (de interese veciñal, de difusión cultural, de creación artística, de cultura popular, de actividades ao aire libre, de carácter deportivo, de educación para a saúde, de novas tecnoloxías, entre outros).

**2.—Gastos de funcionamento para a realización das actividades** (seguros de responsabilidade civil, material funxible, pequenos arranxos nos centros socioculturais relacionados coa realización da actividade, etcétera). Estes gastos non poderán superar o 20% dos gastos do apartado anterior.

##### **2.—CONTÍA.**

A contía total que se destina a esta finalidade será de 72.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 120 92402 48901/2012.

##### **3.—SOLICITANTES.**

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións veciñais do municipio de Santiago de Compostela que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Santiago de Compostela e figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela, con anterioridade á publicación desta convocatoria.

2. Carecer de ánimo de lucro.

3. Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

4. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Santiago de Compostela.

#### **4.-CONDICIÓNS.**

4.1.-A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

4.2.-As solicitantes só poderán presentar unha única solicitude.

4.3.-As asociacións veciñais beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración do Concello en toda canta información se faga do obxecto subvencionado e a xuntar copia da mesma cando se lle solicite.

#### **5.-DOCUMENTACIÓN.**

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitaran nos rexistros municipais así coma poderanse descargar desde a web municipal.

Achegarase tamén a seguinte documentación:

##### **5.1.-Documentación xeral da asociación:**

a) Fotocopia compulsada dos estatutos da asociación.

b) Fotocopia da tarxeta do CIF da asociación veciñal.

c) Certificación orixinal dos datos bancarios.

d) Solicitude en modelo normalizado subscrita polo representante legal da asociación (anexo I).

e) Fotocopia da tarxeta do NIF do representante.

f) Certificación do número de socios activos da asociación.

g) Orzamento de gastos para os que solicita a subvención (anexo II).

h) Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, co Concello e coa Seguridade Social (anexo III).

i) Declaración da entidade, asinada polo presidente/a, de todas as axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade ante as administracións públicas e outros entes públicos ou privados (anexo IV).

j) Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, e de aceptación das bases da convocatoria (anexo V).

No caso de que a documentación relacionada neste punto 5.1 xa conste no Concello e non sexa preciso actualizala, non fará falla volver a presentala, de acordo co disposto no artigo 35.F) da Ley 30/92, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. A estos efectos, no informe adxunto á proposta de concesión farase constar tal circunstancia.

##### **5.2.-Documentación específica da subvención:**

a) Proxecto de actividades obxecto da subvención.

b) Presuposto total do gasto subvencionable.

c) Importe da subvención solicitada, que nunca poderá superar o 80% do orzamento de gastos.

Calquera documentación que falte ou se presente defectuosa deberá ser corrixida no prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción do requirimento. Pasado este prazo de non ter corrixida a solicitude entenderase desestimada e arquivaranse no expediente sen máis trámite, trala resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **6.-PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

##### **6.1.-Prazo e lugar de presentación das solicitudes.**

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral da Rúa Salvador Allende, 4 (zona das Galeras), ou nos Rexistros auxiliares do Concello de Santiago de Compostela (CERSIA ou CSC do ENSANCHE) ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, no prazo de 20 días naturais, contado a partires do día seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**6.2.-Asesoramento.**

As asociacións que o precisen poderán contar coa asistencia técnica dos servizos de animación sociocultural da rede de centros do Concello.

**7.-RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN DAS SOLICITUDES.**

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e serán aprobadas, previa proposta da comisión avaliadora, pola Xunta de Goberno Local. A devandita proposta elevarase á Xunta de Goberno para a súa resolución antes do 16 de novembro.

A comisión avaliadora constituirase, previo nomeamento do concelleiro delegado de Participación Cidadá. Estará composta por:

- PRESIDENTE: concelleiro de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue.
- SECRETARIO: o xefe de Negociado de Participación Cidadá ou calquera outro persoal municipal designado ao efecto.
- VOCAIS:
  - Director da rede de centros socioculturais.
  - A técnica de programas socioculturais.
  - Un representante do Consello de Relacións Veciñais.

**7.1.-Valoración das solicitudes.**

As solicitudes de subvención valoraranse tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Interese xeral da actividade para o veciños	Ata 3
Mayor número de beneficiarios	Ata 3
Carácter permanente e continuo da actividade ou programa	Ata 2
Que se trate de asociacións que leven a cabo, a xuízo da Comisión Avaliadora, actividades que complementen as iniciadas dende a Concellaría de Participación Cidadá e Centros Socioculturais.	Ata 2
Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 1
Que se trate de programas en zonas do municipio con menor incidencia de acción e participación social, fundamentalmente na zona rural	Ata 2
Revistas ou publicacións periódicas propias da Asociación de veciños	Ata 1
Utilización do galego no programa de actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etcétera.	Ata 1
Plan Anual de actividades 2012 e memoria da asociación 2011	Ata 2

**7.2.-Notificación e publicidade da resolución.**

Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos interesados a través da Concellaría de Participación Cidadá. A resolución de concesión notificarase expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan en dereito.

**8.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos. Para o cobro da subvención concedida as asociacións deberán estar ao corrente das súas obrigas coa administración municipal, coa administración autonómica, coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria.

Da cantidade concedida que será como máximo do 80%, xustificarse o 100%.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación. A data límite de xustificación será

o 5 de decembro de 2012. Poderán entregar xustificantes de pago con data desde o 1 de xaneiro ata o 5 de decembro de 2012.

Concedida a subvención e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar por rexistro a seguinte documentación acreditativa da realización do programa de actividades subvencionado:

- a) Memoria explicativa e detallada da realización do programa subvencionado, con expresa mención aos resultados obtidos, engadindo o resultado económico do programa de actividades.
- b) Facturas e xustificantes de pago (copia da transferencia bancaria, etc) das actividades subvencionadas.
- c) Relación das facturas incluíndo entidade emisora, data, concepto, número e importe.

Os documentos presentados serán orixinais ou copias compulsadas, segundo o ditado nas bases de execución do orzamento.

Considerase gasto realizado, segundo o artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola norma reguladora de subvención. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

A data límite para xustificar a subvención concedida será o 5 de decembro de 2012. A xustificación será obxecto de informe e proposta do órgano xestor, elevándose a devandita proposta á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación. No caso de non presentar a xustificación neste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará á perda do dereito de cobro de subvención.

Poderase autorizar o cambio de obxecto sempre que se manteña a finalidade da subvención previa solicitude razoada da asociación beneficiada.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

#### **9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ademais:

- a) Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.
- b) Facer constar en toda a publicidade e difusión do programa subvencionado a colaboración do Concello, na forma que este estableza.
- c) Comunicarlle á concellaría de Participación Cidadá as datas e lugares definitivos das actividades.

#### **Disposicións derradeiras.**

**Primeira.**—Calquera interpretación das bases reguladoras destas subvencións será realizada pola Comisión Avaliadora.

**Segunda.**—Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvencións e o RD 887/2006 que aproba o regulamento de dita Lei.

**Terceira.**—Esta convocatoria entra en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

En Santiago de Compostela, a 11 de setembro de 2012.

Francisco Javier Noya Iglesias

Concelleiro de Participación Cidadá



## REXISTRO XERAL DE ENTRADA

### ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL PARA O EXERCICIO 2012	
DATOS DA ASOCIACIÓN VECIÑAL:	
Denominación	CIF
Enderezo da Asociación Veciñal	Teléfono
Enderezo a efectos de notificación	
Número de Rexistro Municipal	Correo electrónico da Asociación Veciñal
Número de conta corrente e entidade bancaria (20 díxitos)	
DATOS DO REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN VECIÑAL: (Presidente ou membro da Xunta Directiva)	
Nome e apelidos	
NIF	Teléfono
Relación coa entidade	
O representante declara baixo a súa responsabilidade que todos os datos aportados son reais e que coñece, acepta a cumprir as bases da convocatoria.	
Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2012	
Sinatura do representante	

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL PARA O EXERCICIO 2012**

Don/dona \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, en calidade de \_\_\_\_\_ da AVV de “\_\_\_\_\_” con enderezo \_\_\_\_\_ do Concello de Santiago de Compostela, dando cumprimento ao sinalado nas Bases para o outorgamento de subvencións destinadas ás Asociacións Veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial para o exercicio 2012

**SOLICITA:**

a) Unha subvención por importe de \_\_\_\_\_ para sufragar os gastos<sup>1</sup> derivados das actividades e de funcionamento necesario para a súa realización programadas pola propia Asociación que de seguido se relacionan, na seguinte memoria

N.º	ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN	CONCEPTO PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN (alugeres para realizar a actividade, publicidade, transporte, material non inventariable....)	IMPORTE
			TOTAL....	

<sup>1</sup> Sendo subvencionables os gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada quedando excluídos os gastos estruturais das entidades beneficiarias, respectándose o previsto nas disposición vixentes, en particular o art. 13 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei de subvenciones de Galicia 9/2007 do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, as Bases de execución do orzamento municipal e demais normativa legal de aplicación.

O DECLARANTE,\*  
(DNI, sinatura e selo da entidade)

\*ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
A/A CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

**ANEXO II**

ENTIDADE: \_\_\_\_\_

**ORZAMENTO DE GASTOS PARA OS QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

Haberá que xustificar a totalidade deste orzamento con facturas do ano 2012.

**Gastos derivados das actividades**

CONCEPTO	IMPORTE

**Gastos derivados do funcionamento necesario para a realización das actividades** (non poden superar o 20% dos gastos do apartado anterior)

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS ...	

En Santiago de Compostela, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

V.º e prace O/a secretario/a

O/a presidente/a

## ANEXO III

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con NIF \_\_\_\_\_, presidente/a da entidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

## DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

Esta asociación está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, á Administración Autonómica e ao Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

O/a presidente/a



## ANEXO IV

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con NIF \_\_\_\_\_, presidente/a da entidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

Declaro baixo a miña responsabilidade que, para a mesma finalidade, en relación con outras axudas solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou entidades privadas:

## AXUDAS SOLICITADAS

- NON se solicitaron axudas para esta mesma finalidade
- SI se solicitaron axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se solicitou	Importe solicitado

## AXUDAS CONCEDIDAS

- NON se concederon axudas para esta mesma finalidade
- SI se concederon axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución que concedeu	Importe concedido

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente en Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

O/a presidente/a

## ANEXO V

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con NIF \_\_\_\_\_, presidente/a da entidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Non atoparme inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións da Administración Pública ou incapacidade para contratar, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

O/a presidente/a

2012/11661